



## **ANEXO DE ADAPTACIÓN Á NOVA ORDE DE AVALIACIÓN DEPARTAMENTO DE FRANCÉS**

A Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia supón unha importante modificación no calendario e procedemento de avaliación polo que cómpre revisar e adaptar as programacións didácticas do noso departamento.

A adaptación á nova orde concrétase nos seguintes puntos:

### **Con respecto aos cursos da ESO:**

- Elimínase da programación toda referencia á proba extraordinaria.
- Na semana do 6 de xuño de 2022 terá lugar a terceira avaliación. Coas notas das tres avaliacións calcularase un valor provisional para a cualificación da avaliación ordinaria seguindo o criterio sinalado na programación que establece a nota como a equivalente a da 3ª avaliación ao reflectir esta a valoración global resultante dunha avaliación continua.
- O alumnado con dita cualificación inferior a 5 poderá recuperar a materia suspensa mediante a superación dunha proba escrita final a realizar en data previa a da avaliación ordinaria.